

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Indique cal das seguintes respostas se corresponde con un dereito dos usuarios dos servizos do sistema sanitario público, segundo a Lei Xeral de Sanidade:**

- A) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) A que se lle asigne un médico e unha enfermeira, cuxos nomes se lle darás a coñecer.
- C) A que se lle estenda certificado acreditativo do seu estado de saúde, cando así o solicite o paciente.
- D) Á información sobre os servizos sociais a que pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.

**2. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes establece unha serie de requisitos en relación coa historia clínica. Sinala a resposta falsa entre as seguintes opcións:**

- A) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade exclusiva do médico que atende ao paciente.
- B) Calquera información incorporada á historia clínica haberá de ser datada e asinada de maneira que se identifique claramente o persoal que a realice.
- C) As historias clínicas deberán estar normalizadas en canto á súa estrutura lóxica.
- D) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais que interveñen na mesma.

**3. Segundo a Lei de Saúde de Galicia e en referencia ao Sistema Público de Saúde de Galicia, sinala cal das seguintes opcións é a correcta:**

- A) Inclúe dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- B) Non inclúe dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- C) Inclúe dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos públicos e non públicos.
- D) Non inclúe dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos públicos.

**4. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes respostas é unha función do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A aprobación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- B) A xestión da carteira de servizos.
- C) A elaboración do proxecto do Plan de saúde de Galicia.
- D) A proposta sobre incorporación de novas prestacións no Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a actualización da carteira de servizos.

**5. A efectos do previsto na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, non é unha función da Comisión de Consentimento Informado:**

- A) Coñecemento da implantación dos formularios de referencia de consentimento informado.
- B) Revisión, actualización e publicación periódica dunha guía de formularios de referencia recomendados de consentimento informado.
- C) Valoración, selección e expurgación da documentación clínica.
- D) Conservación da historia clínica en condicións que garantan a preservación da información asistencial que contén.

**6. Atendendo ao disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario de Servizo Galego de Saúde os postos de xefe/a de sección de persoal licenciado sanitario, proveranse a través de:**

- A) Sistema de avaliación colexiada se requiren dedicación exclusiva.
- B) Libre designación.
- C) Avaliación colexiada en calquera caso.
- D) Concurso de méritos.

**7. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece como criterios de clasificación do persoal estatutario:**

- A) A función desenvolvida, o nivel do título esixido para o ingreso e o tipo do seu nomeamento.
- B) A función desenvolvida e o tipo do seu nomeamento.
- C) A función desenvolvida e o nivel do título esixido para o ingreso.
- D) O nivel do título esixido para o ingreso e o tipo do seu nomeamento.

**8. Como regra xeral, o persoal estatutario do SERGAS que non tome posesión da praza adquirida en concurso de traslados:**

- A) Perde a condición de persoal estatutario.
- B) Pasa á situación de excedencia forzosa.
- C) Será obxecto de expediente disciplinario.
- D) Pasa á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

**9. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, en cuestión de incompatibilidades, contempla unha serie de normas específicas. Sinale das seguintes opcións a resposta falsa:**

- A) A percepción de pensión de xubilación por un réxime público de Seguridade Social será compatible coa situación do persoal emérito.
- B) A percepción de pensión de xubilación parcial non será compatible coas retribucións derivadas dunha actividade a tempo parcial.
- C) As retribucións do persoal emérito, sumadas á súa pensión de xubilación, non poderán superar as retribucións que o interesado percibía antes da súa xubilación, consideradas, todas elas, en cómputo anual.
- D) Será compatible o goce de bolsas e axudas de ampliación de estudos concedidas en réxime de concorrencia competitiva ao amparo de programas oficiais de formación e perfeccionamento do persoal, sempre que para participar en tales accións requírase a previa proposta favorable do servizo de saúde no que se estea destinado e que as bases da convocatoria non establezan o contrario.

10. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece como forma de acreditación da situación de violencia de xénero. Indique a resposta incorrecta das que se relacionan a continuación:

- A) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- B) Sentenza firme dun xulgado de violencia sobre a muller que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- C) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- D) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.

#### Preguntas de reserva

1. Dos principios xerais recollidos na Lei Xeral de Sanidade, sinala cal das seguintes opcións non se corresponde co un deles:

- A) Os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- B) A asistencia sanitaria pública estenderase a toda a poboación residente en España con independencia da súa nacionalidade. O acceso e as prestacións sanitarias realizaranse en condicións de igualdade efectiva.
- C) A política de saúde estará orientada á superación dos desequilibrios territoriais e sociais.
- D) As políticas, estratexias e programas de saúde integrarán activamente nos seus obxectivos e actuacións o principio de igualdade entre mulleres e homes, evitando que, polas súas diferenzas físicas ou polos estereotipos sociais asociados, prodúzanse discriminacións entre eles nos obxectivos e actuacións sanitarias.

2. En cuestións de réxime disciplinario, cal das seguintes opcións é falsa atendendo ao recolleito nesta materia no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Entre a infracción cometida e a sanción imposta deberá existir a adecuada proporcionalidade.
- B) O réxime disciplinario responderá os principios de tipicidade, eficacia e proporcionalidade en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- C) As normas definidoras de infraccións e sancións non serán susceptibles de aplicación analóxica.
- D) As sancións que, no seu caso, se impoñan terán validez e eficacia só no servizo de saúde onde presta servizos o sancionado.